

# O HOME QUE MATOU A DON QUIXOTE

[Terry Gilliam, 2018]

# 395

ESTREA EN NUMAX: 15.06.2018 | V.O.S.E. | +12

*The Man Who Killed Don Quixote* (2018, 133')

**Dirección:** Terry Gilliam

**Guión:** Terry Gilliam, Tony Grisoni (Novela: Miguel de Cervantes)

**Elenco:** Jonathan Pryce, Adam Driver, Olga Kurylenko, Stellan Skarsgard, Joana Ribeiro, Óscar Jaenada, Jordi Mollà, Rossy de Palma, Jason Watkins, Paloma Bloyd

**Son:** Pierre Mertens

**Montaxe:** Teresa Font, Lesley Walker

**Vestuario:** Lena Mossum

**Dirección de arte:** Alejandro Fernández, Eduardo Hidalgo, Gabriel Liste

**Fotografía:** Nicola Pecorini

**Música:** Roque Baños

**Produtoras:** Tornasol Films, Entre Chien et Loup, Ukbar Filmes, Proximus, Recorded Picture Company (Reino Unido, EEUU, España)

**Distribuidora:** Warner

**Formato de proxección:** DCP2K, 2.35:1

**Idioma orixinal:** Inglés, español

## FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*Miedo y asco en Las Vegas*, 1998

*12 monos*, 1995

*Brazil*, 1985

*El sentido de la vida* 1983

*Los héroes del tiempo*, 1981

*Los caballeros de la mesa cuadrada*

*y sus locos seguidores*, 1975

*Monty Python's Flying Circus*, 1969 [TV]

## PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2018 (Sección oficial)

## SINOPSE

Toby, un director de anuncios moi cínico, vese envolto nos extravagantes delirios dun vello zapateiro español que se cre o mesmo Don Quixote. Ao longo das súas aventuras cómicas e cada vez máis surrealistas, Toby vese abocado a enfrontarse coas tráxicas repercusións da película que rodou cando era un mozo idealista, un fime que cambiou os sonhos e esperanzas dun pequeno pobo español para sempre.

«Un filme tenro e alegre, cun toque de emotividade e unha adorábel actuación de Jonathan Pryce»

Peter Bradshaw, THE GUARDIAN



# O HOME QUE MATOU A DON QUIXOTE

[Terry Gilliam, 2018]

★  
EUROPA CINEMAS  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

## “Se te limitas a aceptar a realidade convérteste nun banqueiro”

Entrevista con Terry Gilliam

Por Pablo Guimón

### Conseguir rematar o filme é unha vitoria dos quixotes sobre os sanchos?

É unha vitoria dos quixotes sobre a xente prudente e mala. Cando o proxecto se viu abaixo hai vinte anos, o mercado asustouse. Díciánme que era unha vella idea, que pasara páxina, que avanzara. Son moi rápidos en desestimar o que fas.

### Hai trinta anos, cando chamou a un produtor e díxolle que precisaba vinte millóns de dólares para facer *O Quixote*, nin sequera tiña lido o libro. Que o atraeu?

Todo o mundo coñece a historia simple do Quixote. Alguén que pelexa contra muíños. Ten unha visión do mundo distorsionada, pero romántica. É unha grande historia. Daquela sentei a ler o libro e vin que era imposible de facer. A serie española con Fernando Rey encántame pero é aburrida porque, se es español, é unha historia tan importante que tes que ser puro e serio. Eu era libre para xogar. E é o que creo que tes que facer co Quixote, xogar, porque é o que fixo Cervantes.

### Di moito da súa teimosía o feito de querer rodar o filme despois de

**comprender que era imposible.** Son parvo. Calquera persoa sensata non o tería feito [risas]. Pero unha vez aceptas o que é o Quixote tes que ser igual de tolo ca el. Ademais, cando unha idea se agarra á miña cabeza, non se solta.

**Acabou referíndose ao proxecto como unha enfermidade da que se tiña que librar.** Xa o creio. Era un tumor cerebral. É como unha muller que un día se atopa embarazada e 25 anos despois segue embarazada, ten que dar a luz a esa cousa!

### Resulta curioso que no filme o cineasta sexa Sancho. Onde se sitúa vostede?

Quixote é a película, eu non. Eu son Sancho, o pragmático que ten que facela e que remata un pouco tolo tamén.

**Negarse a aceptar os límites da realidade, como Don Quixote, é propio do artista?** Así é. O mundo é o que é, pero os quixotes veno doutro xeito. Os libros e os filmes convértente noutra persoa. Se te limitas a aceptar a realidade convértete nun banqueiro.

**Esa é a clave da creatividade?** Hai algo de arrogancia tamén. Debes crer que tes algo que merece a pena dicir [risas]. Ese é o problema. Cando fixeches unha morea de filmes que gustaron á xente vólveste algo arrogante.

**Parécelle que os sus vellos filmes seguen vixentes?** Desde logo. *La vida de Brian* (1979), por exemplo, cada día o é máis. Hai algún nivel subconsciente no que traballo que absorbe moitos detalles do mundo real e emprégoos sen sabelo.

Son sempre moi místico con isto de facer cinema. Eu son so a man que escribe, a película en realidade faise a si propia. E debes ter tino co que satirizas porque se fai realidade.

**Tamén sucede coas distopías que imaxinou. Hai quen lle atribúe facultades premonitorias.** É unha natureza perversa que me fai mirar ao outro lado do mundo. No seu día preguntábanme se ía demandar a Bush e Cheney polo seu remake desautorizado de *Brazil* (1985). Sempre cuestiono as cousas. Sempre miro a fatalidade inminente. Ten que ver coa morte. Por iso me río dela todo o tempo: a morte non ten sentido do humor. Mentres me poida rir dela hase manter lonxe. Esa é a miña teoría.

**Que lle fixo seguir co proxecto do Quixote todo este tempo?** É unha enfermidade, no sei como explicalo mellor. É como o Everest. Se es un alpinista debes escalalo. O resto non desaparece. É moi útil ter unha misión. Comézoa, fracaso, logo fago outra cousa un anaco, e a misión segue aí reclamando que a remates. É estraño.

### Falaches con algún terapeuta disto?

Non! Teríame disuadido de rematar o filme. Non quero terapia, non quero explicar o meu problema!

Publicado en elpais.com

## NA LIBRARÍA NUMAX

*Gillianismos*, Terry Gilliam. Malpaso, 2016

*Don Quijote de la Mancha*, Miguel de Cervantes. Austral, 2015

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónate  
e ven sempre  
por  
**4,5€**

**Faite  
NUMAX!**